



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indicar o masculino de curmá:

- A) Curmáo.
- B) Curmó.
- C) Curmán.
- D) Curmano.

2. Sinalar a tradución correcta de: "la irrupción de las nuevas tecnologías de la información y de la comunicación ha supuesto el detonante de un cambio radical en la forma de trabajar"

- A) A irrupción das novas tecnoloxías da información e da comunicación suporá o detonante de un cambio radical na forma de traballar.
- B) A irrupción das novas tecnoloxías da información e da comunicación supuxo o detonante dun cambio radical na forma de traballar.
- C) A irrupción das novas tecnoloxías da información e da comunicación supuxo o detonante de un cambio radical na forma de traballar.
- D) A irrupción de as novas tecnoloxías da información e da comunicación fixo supor o detonante dun cambio radical na forma de traballar.

3. Expresión ou cousa que vai en contra da lóxica ou do sentido común:

- A) Paradoxa.
- B) Paradoxo.
- C) Paradóxo.
- D) Paradoxal.

4. Cal das seguintes oracións é a INCORRECTA?:

- A) Esqueceu asinar o documento de consentimento informado para a cirurxía.
- B) Deixei entrar antes porque che vin cara de présa.
- C) Fixo unha análise para determinar a dose de antibiótico que debe tomar.
- D) Cando lleslo contou aos amigos non lle deron moito creto.

5. Das seguintes frases, indicar cal é a CORRECTA na lingua galega:

- A) Mercou un rato sen fíos para o ordenador portátil.
- B) Mercou un ratón sen fíos para o ordenador portátil.
- C) Comprou un ratón sen fíos para o ordenador portátil.
- D) Comprou un rato sen fíos para o ordeador portátil.

6. Non é un sinónimo de recuncho:

- A) Curruncho.
- B) Recullo.
- C) Cerullo.
- D) Cornecho.

7. O xentilicio de Cee é:

- A) Ceano/ceana.
- B) Ceán/ceá.
- C) Ceense/ceensa.
- D) Ceés/ceesa.

8. Indicar a serie CORRECTA:

- A) Triaxe, sepse, acidose, réptiles.
- B) Triaxe, sepsi, acidosis, reptiles.
- C) Triaxe, sepsis, acedose, réptiles.
- D) Triaxe, sepsés, acidose, reptiles.

9. Sinalar cal das seguintes series é CORRECTA ortograficamente:

- A) Atmósfera, cápsula, medula, avogado.
- B) Atmósfera, cápsula, médula, avogado.
- C) Atmosfera, cápsula, medula, avogado.
- D) Atmosfera, capsula, medula, avogado.

10. Indicar a forma CORRECTA para o número cardinal 44:

- A) Coarenta e catro.
- B) Corenta e catro.
- C) Cuarenta e catro.
- D) Coarentaecatro.

Preguntas de reserva

1. Sinalar o enunciado CORRECTO:

- A) Estudou arreo e, nembargantes suspendeu.
- B) Estudou arreo e, sen embargo suspendeu.
- C) Estudou arreo e, con todo suspendeu.
- D) Estudou arreo, e sen embargo suspendeu.

2. Sinalar o plural INCORRECTO na lingua galega:

- A) Animal/animais.
- B) Aval/avais.
- C) Papel/papeis.
- D) Túnel/túneis.